PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 337 | VIII lexislatura | 20 de outubro de 2010

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.3. Outras propostas de normas

1.3.2. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

- 08/PPLC-0003 (37820)
Cualificación de emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas
— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52360). 105017
— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 52361) 105020

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

- 08/PNC-1254(49113)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a situación da execución das obras do PEIM, previstas con base no convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño 105016

1. Procedementos de natureza normativa

1.3. Outras propostas de normas

1.3.2. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

A Mesa da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do día 18 de outubro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas

- 08/PPLC-0003 (37820)

Examinados os dous escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52360).
— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 52361).

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 19 de outubro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1254(49113)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a situación da execución das obras do PEIM, previstas con base no convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño
BOPG núm. 324, do 30.09.2010

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010

Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2010 17:05
Nº Rexistro: 52360
Data envio: 08/10/2010 17:05:50

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DE MODIFICACIÓN DA LEI 22/1988, DO 28 DE XULLO, DE COSTAS (NUM. EXPE. 08/PPLC_0003).

Emenda nº1, de Supresión. Artigo 1

O artigo 1, débese suprimir

Emenda nº2, de Supresión. Artigo 2

Supresión no artigo 2, na nova alínea 7, da seguinte expresión:

"7. Na Comunidade Autónoma de Galicia .., ". Polo que o texto comeza do seguinte xeito: "7. Nos terreos clasificados ....."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 2

No artigo 2, letra c) débese engadir in fine o seguinte texto:

"..., en relación á normativa urbanística de Galicia, ou figura equivalente, no seu caso, na normativa urbanística do resto das comunidades autónomas."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 2

Adición in fine no artigo 2, letra d), do seguinte texto:

"..., ou lexislación propia de aplicación no resto das comunidades autónomas."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2010 17:05
Nº Rexistro: 52360
Data envio: 08/10/2010 17:05:50

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 3

Modificación no último parágrafo do Artigo 3, onde di: "... acreditadas pola consellería da Xunta de Galicia competente en ....", Debe dicir: "... acreditadas polos departamentos das comunidades autónomas competentes en ..."

Emenda nº6, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o artigo 4

Emenda nº7, de Modificación. Exposición de motivos

Propónse unha nova redacción para a exposición de motivos co seguinte contido:

"A Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas (BOE núm. 181, do 29 de xullo do 1988), promúlgase co nobre propósito de poñer orde ante o «crecente proceso de privatización e depredación» da franxa costeira española, que pasou de asentar a un 12 % da poboación española a principios do século XX ao 35 % actual, proporción que chegaba a se triplicar estacionalmente en certas zonas por concentración turística, xa que o 82 % desta actividade se concentraba na costa. Así mesmo o 40 % da costa española no momento da promulgación da lei estaba xa urbanizada ou tiña a cualificación de urbanizable, un 7 % estaba dedicada a instalacións portuarias, un 3 % a instalacións industriais e un 8 % a usos agrícolas. Segundo o Observatorio para a Sustentabilidade de España, o litoral é o territorio de máis alto valor e maior fraxilidade do conxunto do Estado.
Sinala a exposición de motivos da citada lei a esixencia constrinxente de lle dar unha solución clara e inequívoca ao dobre proceso de privatización e destrución da costa, tanto para a zona de dominio marítimo-terrestre coma para os territorios lindeiros, mediante o establecemento de normas claras e precisas así como das correspondentes zonas de servidume.
No espírito do lexislador está presente, poñer fin ao grave e progresivo deterioro da costa e ás alteracións irreversibles do seu equilibrio, e neste contexto regular o crecente proceso de urbanización, pero tamén contemplar o respecto aos dereitos adquiridos legalmente. Quere isto dicir así mesmo, como é

obvio, que no espírito do lexislador está o respecto aos asentamentos tradicionais de poboación que conforman o acervo cultural español, e de xeito especialmente importante nunha comunidade autónoma como a galega, de fonda raizame marítima e mariñeira.

Cómpre pois matizar e concretar certos aspectos que non resultan suficientemente claros para evitar dúbidas na súa interpretación, que en ocasións poden dar lugar a solucións prácticas de distinto signo. Polo que se debe atopar unha solución a unha problemática específica do litoral, tamén en concreto do litoral galego, como é a ampla dispersión do sistema de asentamentos tradicional e a proximidade á liña de costa de moitos deles, de funcionalidade pesqueira e de agricultura intensiva, e que non foi resolta satisfactoriamente na lexislación de costas de rango estatal.

Por iso, sen pretender alterar o espírito da Lei de costas, esta lei ten por obxecto corrixir situacións moralmente inxustas, para que os afectados que actuasen de boa fe non paguen os custos deste cambio de lexislación, para o que cómpre precisar con máis amplitude algún dos preceptos e das disposicións transitorias da lei.

Por todo iso, a Lei de costas de 1988 queda modificada como segue:"

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/10/2010 17:05:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2010 10:00
Nº Rexistro: 52361
Data envio: 08/10/2010 18:44:49

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROPOSICIÓN DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DE MODIFICACIÓN DA LEI 22/1988, DO 28 DE XULLO, DE COSTAS (NUM. EXPE. 08/PPLC_0003).

Emenda nº7, ao apartado 1.a), de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir o apartado 1.a)

Emenda nº8, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir o apartado 1.b)

Emenda nº9, de Substitución. Artigo 2

Débese substituir a totalidade do artigo 2 pola seguinte redacción:
"2.- Na Comunidade Autónoma Galega aos núcleos rurais preexistentes de carácter tradicional previstos na Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, seralles aplicable o réxime previsto no punto 3 da disposición transitoria terceira da lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, así como o establecido no punto 3 da disposición transitoria sétima e nos puntos 1 e 3 da disposición transitoria novena do Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da devandita Lei de Costas, cando, á entrada en vigor desta última, concorría neles algún dos seguintes supostos :
a) En municipios con planeamento , os terreos clasificados de solo urbano de núcleo rural , así como aqueles que reunían algún dos seguintes requisitos:
-Que contaban con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica .
-Que, ainda carecendo dalgún dos servizos citados no guión anterior, estaban comprendidos en áreas consolidadas pola edificación como mínimo nas dúas terceiras partes da súa superficie, de conformidade coa ordenación aplicable.

b) En Municipios sen planeamento, os terreos que reunían algún dos seguintes requisitos:
-Que contaban con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica.
-Que, ainda carecendo dalgún dos servizos citados no guión anterior, estaban comprendidos en áreas consolidadas pola edificación como mínimo nas metade da súa superficie.
2.-Regulamentariamente a Comunidade Autónoma Galega establecerá a documentación e o procedemento para determinar as áreas en que concorren os requisitos sinalados no punto anterior.
3.-Nos deslindes do dominio público marítimo-terrestre o límite interior da súa zona de servidume de protección deberá axustarse á realidade urbanística preexistente recoñecida expresamente pola Administración urbanística autonómica."

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir a totalidade do artigo 3.

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir a totalidade do artigo 4.

Emenda nº5, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir na exposición de motivos o seguinte párrafo:
"Xa naqueles intres desde o noso Grupo Parlamentario se cuestionou esta medida, sendo conscientes de que a única posibilidade de arranxo desta situación pasa por unha modificación da Lei de Costas na cal se recollan de modo específico as peculiaridades dos asentamentos rurais do litoral galego.Con todo esta enmenda da Lei de Vivenda foi apoiada pola nosa parte, como temos feito con todas as iniciativas tendentes a solucionar esta problemática."

Emenda nº1, de Modificación. Exposición de motivos

Débese substituir na exposición de motivos a seguinte expresión: "normas raras e precisas" por
"normas claras e precisas"

Emenda nº2, de Modificación. Exposición de motivos

Débese substituir na exposición de motivos a seguinte expresión: "o acervo cultural español" por
"os valores dun país"

Emenda nº3, de Modificación. Exposición de motivos

Débese substituir na exposición de motivos o seguinte párrafo: "situacións que son moralmente inxustas e que resultan nunha expropiación de vivendas e outros bens inmobles á xente que as construíu de boa fe", polo párrafo seguinte
"situación nalgúns casos inxustas aos veciños/as que construiron as edificacións coas licenzas e autorizacións correspondentes"

Emenda nº4, de Modificación. Exposición de motivos

Débese substituir na exposición de motivos o seguinte párrafo: párrafo "a través da inserción na Lei de Vivenda dunha enmenda que reproduce prácticamente o Decreto 158/2005 presentado no seu día e recurrido polo Goberno Central, pola cal se equiparaban os núcleos costeiros tradicionais non catalogados como tales nos respectivos planeamentos municipais, a solo urbano coa finalidade de que non quedasen afectados nos deslindes da Lei de Costas", polo párrafo seguinte:
"a través da disposición adicional segunda da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de Vivenda de Galicia na que se dispón que aos núcleos rurais preexistentes de carácter tradicional (en municipios con o u sen planeamento) previstos na Lei de Adaptación da do Solo a Galicia seralles aplicable o réxime establecido pola Lei de Costas para o solo urbano, é decir, a anchura de servidume de protección será de 20 m. en lugar dos 100 m ".

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   2.1 INVESTIDURA
   2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   3.5 MOCIÓNS
   3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   4.2 INTERPELACIÓNS
   4.3 PREGUNTAS
   4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   5.3 VALEDOR DO POBO
   5.4 CONSELLO DE CONTAS
   5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   8.2 PERSOAL
   8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   9.1 INFORMACIÓNS
   9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727